

**LEI 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental (DOG Nº 252, 29 de decembro de 2009)**

(...)

### **TITULO III. Instrumentos de equilibrio territorial. O canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental**

#### **Artigo 7.-Obxectivos de equilibrio territorial.**

Para protexer o medio ambiente, para estimular a incorporación das novas tecnoloxías nos aerogeradores, para minorar o número destes e para reforzar o equilibrio territorial xerado pola instalación de parques eólicos créanse o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

#### **CAPITULO I. O canon eólico**

##### **SECCION 1ª. Disposicións xerais**

#### **Artigo 8.-Creación, natureza, obxecto e ámbito de aplicación.**

Co obxecto de contribuír a regular e preservar o medio ambiente na súa consideración de ben protexido, con carácter de ingreso compensatorio e como prestación patrimonial de dereito público de natureza extrafiscal e real, créase o canon eólico aplicable ao ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### **Artigo 9.-Afectación dos ingresos xerados polo canon**

1. Os ingresos derivados do canon, deducidos os custos de xestión, destinaranse a conservación, reposición e restauración do medio ambiente, así como a actuacións de compensación e reequilibrio ambiental e territorial das que serán principais beneficiarios os municipios afectados pola implantación de parques eólicos e polas instalacións de evacuación destes.

2. Así mesmo, será beneficiaria o conxunto da sociedade mediante actuacións que, promovidas pola Administración autonómica, se dirixan ao incremento da eficiencia no aproveitamento dos recursos enerxéticos renovables, da sustentabilidade, da biodiversidade e do uso recreativo e educativo dos recursos naturais de Galicia.

3. Tales ingresos serán xestionados a través do Fondo de Compensación Ambiental.

#### **Artigo 10.-Normativa aplicable**

O canon eólico rexerese polas disposicións desta lei, polas normas regulamentarias ditadas no seu desenvolvemento e polo disposto nas disposicións xerais en materia tributaria.

##### **SECCION 2ª. Elementos do canon eólico**

#### **Artigo 11.-Feito impositivo.**

1. Constitúe o feito impositivo do canon eólico a xeración de afeccións e impactos visuais e ambientais adversos sobre o medio natural e sobre o territorio, como consecuencia da instalación en parques eólicos de aerogeradores afectos á produción de enerxía eléctrica e situados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Entenderase producido o feito impositivo aínda que a titularidade dos aerogeradores non corresponda ao titular da autorización administrativa para a instalación dun parque eólico.

#### **Artigo 12.-Período impositivo e devengo.**

1. O período impositivo coincidirá co ano natural.

2<sup>1</sup>. A devindicación producirase na data de outorgamento da autorización de explotación do parque eólico e o primeiro día do ano natural nos sucesivos anos nos que a autorización administrativa estea vixente, ata o seu desmantelamento e restitución ambiental dos terreos afectos pola instalación.».

3. Sen prexuízo do disposto na alínea 1, nos casos de primeira instalación ou desmantelamento do parque eólico o período impositivo entenderase polo período existente entre o devengo e o último día do período impositivo, no primeiro caso, e entre o devengo e a data de desmantelamento do parque eólico, no segundo.

4<sup>2</sup>

#### **Artigo 13.-Suxeitos pasivos.**

1. Son suxeitos pasivos do canon en calidade de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas ou entidades do artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que, baixo calquera título, leven a cabo a explotación dun parque eólico aínda que non sexan titulares dunha autorización administrativa para a súa instalación.

Presumirase, salvo proba en contra, que a explotación dun parque eólico é realizada pola persoa ou entidade que figure como titular da correspondente autorización administrativa para a súa instalación.

2. Son suxeitos do canon en calidade de responsables solidarios:

a) As persoas titulares de autorizacións administrativas para a instalación dun parque eólico cando quen leve a cabo a explotación non coincida co titular da autorización.

b) As persoas titulares dos aerogeradores cando a devandita titularidade non concorra no titular da explotación nin no titular da autorización administrativa.

#### **Artigo 14.-Base impositiva**

1. Constitúe a base impositiva a suma de unidades de aerogeradores existentes nun parque eólico situado no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. No caso de parques eólicos que se estendan máis alá do límite territorial da comunidade autónoma, a base impositiva estará constituída pola suma de unidades de aerogeradores instalados no territorio galego.

3. Para a determinación da base impositiva teranse en conta as circunstancias concurrentes na data de devengo. No caso de que o número de aerogeradores varíe ao longo do período impositivo, a base impositiva calcularase prorrateando por días o período de explotación de cada aerogenerador respecto ao total do número de días do ano natural.

---

<sup>1</sup> Modificado pola disposición derradeira sétima da Lei 5/2017, de 19 de outubro de Fomento da Implantación de iniciativas empresariais en Galicia

<sup>2</sup> Ap. 4 suprimido por art. 65.1 da ley núm. 11/2013, de 26 de decembro. LG\2013\420

### **Artigo 15.-Tipo de gravame e cota tributaria**

1. A cota tributaria vén determinada pola aplicación á base impositiva dos seguintes tipos de gravame anuais:

-En parques eólicos que dispoñan de entre 1 e 3 aerogeradores: 0 euros por cada unidade de aerogerador.

-En parques eólicos que dispoñan de entre 4 e 7 aerogeradores: 2.300 euros por cada unidade de aerogerador.

-En parques eólicos que dispoñan de entre 8 e 15 aerogeradores: 4.100 euros por cada unidade de aerogerador.

-En parques eólicos que dispoñan de máis de 15 aerogeradores: 5.900 euros por unidade de aerogerador.

2. Durante o primeiro ano de explotación do parque eólico e durante o último ano os tipos de gravame prorratearanse en función do número de días do período impositivo.

3. A modificación dos importes desta tarifa require informe previo do Consello Galego do Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

### **Artigo 16<sup>3</sup>. Bonificacións na cota**

1. Cando como consecuencia dun proxecto de modificación de parques eólicos preexistentes en funcionamento que supoña unha substitución total ou parcial dos aerogeradores por outros de maior potencia, e que dean lugar a unha redución efectiva das unidades de aerogeradores que non supoña tramo diferente de base, a contía da cota que debe satisfacerse, no período correspondente á dita redución, bonifícase nunha porcentaxe resultante de multiplicar por 10 o número de unidades de aerogeradores reducidas.

2. Esta bonificación terá carácter rogado e o seu recoñecemento estará condicionado á comunicación do proxecto de modificación de parques eólicos á dirección xeral competente en materia de enerxía e á acreditación efectiva polo devandito órgano do cumprimento das condicións sinaladas no punto anterior.

## **SECCION 3ª. Xestión do canon**

### **Artigo 17.- Presentación de declaracións e autoliquidacións <sup>4</sup>**

1. Para os efectos de aplicación do canon eólico, os suxeitos pasivos están obrigados a declarar inicialmente os datos, as características e as circunstancias necesarias para a cuantificación do tributo, así como as modificacións dos datos previamente declarados, nos prazos e lugar e mediante os modelos e consonte as instrucións que estableza a consellaría competente en materia de facenda mediante orde. Así mesmo, estarán obrigados a presentar unha declaración de baixa, no suposto de desmantelamento do parque eólico.

---

<sup>3</sup> Modificado pola disposición derradeira sétima da Lei 5/2017, de 19 de outubro de Fomento da Implantación de iniciativas empresariais en Galicia

<sup>4</sup> Modificado pola disp. derradeira 4.1 da lei núm. 2/2013, de 27 de febreiro. LG\2013\44

2. A Administración establecerá un rexistro obrigatorio de parques eólicos, dos aerogeneradores neles existentes e das características destes. A estrutura, o contido e a sede do rexistro así como os procedementos para a súa formación e o seu mantemento determinaranse mediante orde da consellaría competente en materia de facenda.

3. Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar autoliquidación do canon eólico, determinando a débeda tributaria correspondente, e ingresarán o seu importe na forma, nos prazos e no lugar e mediante os modelos e consonte as instrucións que estableza a consellaría competente en materia de facenda mediante orde».

#### **Artigo 18.- Liquidacións provisionais <sup>5</sup>**

Os órganos da Administración tributaria poderán ditar a liquidación provisional que proceda de conformidade co disposto na Lei xeral tributaria

#### **Artigo 19. Utilización de tecnoloxías informáticas e telemáticas <sup>6</sup>**

A consellaría competente en materia de facenda poderá dispoñer que as declaracións e autoliquidacións do canon se efectúen mediante os programas informáticos de axuda que, de ser o caso, se aproben.

Así mesmo, poderá dispoñer a obrigatorialidade da súa presentación e o pagamento mediante medios telemáticos.

#### **Artigo 20. Aplicación do canon eólico<sup>7</sup>**

1. A consellaría competente en materia de facenda aprobará as normas de aplicación do tributo.

2. O exercicio das funcións de aplicación e de revisión do canon así como o exercicio da potestade sancionadora en materia tributaria corresponderanlles aos órganos competentes da Administración tributaria da consellaría competente en materia de facenda, segundo a norma de organización da Administración tributaria.

3. Sen prexuízo do establecido na alínea anterior, os órganos administrativos competentes nas materias de medio ambiente, enerxía e industria auxiliarán os órganos de aplicación deste tributo e colaborarán con eles, no marco das súas respectivas competencias, para a liquidación, comprobación e investigación do tributo, mediante, entre outras actuacións, a elaboración de informes por petición deles, a expedición de certificados oficiais dos datos necesarios para a liquidación do tributo e/ou a cesión informática dos datos sinalados.

#### **Artigo 21.-Potestade sancionadora <sup>8</sup>**

1.A potestade sancionadora en materia tributaria exercerase conforme os seus principios reguladores en materia administrativa e as especialidades previstas na Lei xeral tributaria, e serán aplicables as disposicións xerais contidas nela.

2.A clasificación das infraccións e sancións tributarias e o procedemento sancionador tributario rexeranse polo establecido na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e nas demais disposicións que a desenvolvan e complementen.

---

<sup>5</sup> Modificado pola disp. derradeira 4.2 da lei núm. 2/2013, de 27 de febreiro. LG\2013\44

<sup>6</sup> Modificado pola disp. derradeira 4.3 da lei núm. 2/2013, de 27 de febreiro. LG\2013\44

<sup>7</sup> Modificado pola disp. derradeira 4.4 da lei núm. 2/2013, de 27 de febreiro. LG\2013\44

<sup>8</sup> Ap 1 modificado pola disp. derradeira 4.5 da lei núm. 2/2013, de 27 de febreiro. LG\2013\44

## **Artigo 22.-Revisión.**

1. Os actos e as actuacións de aplicación deste tributo, así como os actos de imposición de sancións tributarias, serán revisables consonte as disposicións contidas na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.
2. O coñecemento das reclamacións económico-administrativas corresponderalles con exclusividade aos órganos económico-administrativos da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo da vía contencioso-administrativa.

## **CAPITULO II. O Fondo de Compensación Ambiental**

### **Artigo 23.-Creación e natureza.**

Para a aplicación de actuacións globais destinadas á conservación, reposición e restauración do medio ambiente e reequilibrio territorial créase o Fondo de Compensación Ambiental, ao que lle serán aplicables as disposicións previstas neste capítulo e as establecidas nas ordes que, para a súa regulación, dite a consellaría competente en materia de réxime local.

### **Artigo 24.-Financiamento.**

Sen prexuízo dos demais recursos que nel poidan integrarse, o Fondo de Compensación Ambiental financiarase cos ingresos obtidos do canon eólico deducidos os gastos de xestión.

### **Artigo 25. Destino.<sup>9</sup>**

1. O Fondo de Compensación Ambiental estará afectado á realización, nos termos previstos nos puntos seguintes, de gastos nos entes locais que revistan natureza produtiva e xeradora de emprego.

Non obstante, a lei anual de orzamentos poderá establecer criterios específicos de afectación do Fondo de Compensación Ambiental, sempre e cando a súa aplicación non comprometa máis do 50% da dotación correspondente aos recursos anuais e consista na súa vinculación ao financiamento de actuacións comprendidas en aplicacións orzamentarias que teñan entre as súas finalidades a protección do medio e do contorno natural, a súa conservación, reposición e restauración, así como o fomento da investigación dirixida á mellora na eficiencia do aproveitamento dos recursos das enerxías renovables.

2. Despois de aplicar o disposto na alínea anterior, destinarase como mínimo o 50 % da contía dispoñible do fondo ás entidades cuxo termo municipal se atope dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico ou resulten afectadas polas correspondentes instalacións de conexión para a realización de:

a) Actuacións orientadas á conservación da biodiversidade, ao coñecemento e á utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais e mais á recuperación do medio natural degradado ou contaminado.

b) Actuacións de impulso da eficiencia e de utilización sustentable das enerxías renovables.

---

<sup>9</sup> Ap. 2 modificado pola disp. derradeira 4.6 da lei núm. 2/2013, de 27 de febreiro. LG\2013\44  
Ap. 3 modificado pola disp. derradeira 4.6 da lei núm. 2/2013, de 27 de febreiro. LG\2013\44  
Ap. 4 modificado pola disp. derradeira 2.1 da lei núm. 12/2011, de 26 de decembro. LG\2011\485  
Modificado pola disp. derradeira 1.1. da lei núm.15/2010 de 28 de decembro. LG\2010\543

c) Outras actuacións de protección do medio ambiente e do espazo natural.

3. Os custos elixibles, para efectos de distribución do fondo, son os seguintes: a) Investimentos en inmovilizado: custo de man de obra externa, execución material, equipos e instalacións. Cando no investimento participe directamente persoal da entidade local procederase á imputación dos gastos correspondentes ao persoal utilizado.

b) Custos de proxecto e dirección de obra, se se trata de contratacións externas.

c) Custos de funcionamento dos servizos municipais dedicados á protección do medio ambiente e do espazo natural. No caso de utilizar persoal da entidade local procederase á imputación dos gastos correspondentes ao persoal utilizado.

4 A cantidade asignada a cada proxecto destinarase en función do orzamento presentado pola entidade local solicitante e non poderá superar o 100% do devandito orzamento.

5. A distribución anual do fondo regularase mediante orde ditada pola consellaría competente en materia de réxime local, na que tamén se establecerán os criterios de repartición, os entes locais beneficiarios e as actuacións ás que se destinará a parte do fondo que non estivese comprendida no punto 2 deste artigo, que terán que estar dirixidas á protección do medio ambiente, incluídas aquelas que teñan por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou risco.

#### **Artigo 26.-Xestión.**

A xestión do fondo realizaraa a dirección xeral competente en materia de réxime local de conformidade coas directrices que se establezan na orde que dite a consellaría da que aquela dependa.